



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75% [Prioridade 1 – OE1.b) – medida 121]

**RESOLUCIÓN DA DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONCEDE DE OFICIO UNHA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS COLECTIVOS SUBVENCIONADOS AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE SETEMBRO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN PARA O ANO 2017, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, AXUDAS A PROXECTOS COLECTIVOS, FINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP), QUE CONTRIBÚAN Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL. (ORDE DO 1 DE AGOSTO DE 2016, DE BASES REGULADORAS, DOG NÚM. 157 DO 22.08.2016))**

O 10 de outubro de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a orde do 27 de setembro de 2017 pola que se establece a convocatoria para o 2017 para a concesión de axudas antes mencionada. (Orde do 1 de agosto de 2016, de bases reguladoras, DOG Núm. 157 do 22.08.2016).

Á vista do estado de xestión no que se atopa a fase de resolución do procedemento de convocatoria para a concesión das citadas subvencións e co obxecto de facilitarlle ás entidades beneficiarias o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 22 da citada orde de aprobación das bases reguladoras,

Considerando que:

1º. O artigo 22 da citada Orde de bases reguladoras xerais do 01 de agosto de 2016, posibilita a ampliación, de oficio ou a petición dos beneficiarios, do prazo de xustificación contemplado nese mesmo artigo.

2º. O artigo 32.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, regula a posibilidade de concesión de oficio ou por petición dos interesados dunha ampliación dos prazos establecidos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

3º. Que na data desta Resolución non rematou o prazo de xustificación para ningún proxectos que sexan obxecto de subvención.

Consonte o manifestado e de conformidade coa competencia atribuída na disposición derradeira segunda da reiterada orde,

RESOLVO:

Primeiro.- Ampliar de oficio o prazo de xustificación para a anualidade 2017 dos proxectos que sexan obxecto de subvención.


A data límite do 15 de novembro, fixada no artigo 22 da orde de convocatoria, amplíase ata o 31 de decembro de 2017.

Segundo.- Ordenar a notificación desta resolución a todos os beneficiarios propostos/interesados.

De conformidade co disposto no artigo 32.3 da lei 39/2015 os acordos sobre ampliación de prazos non son recorribles.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo